



CANDORCA

Texto, fotos e debuxo Yosy

a prensa e nas televisións cítase á candorca frecuentemente co nome de "balea asasina", unha tradución literal do seu nome actual en inglés: *Killer whale*. Ao parecer foron os baleeiros vascos os que bautizaron a estes animais có nome de "asasina de

baleas" cando a viron alimentarse dos cadáveres de balea que flotaban no mar e os ataques que facía este mamífero mariño a outros cetáceos. Unha mala tradución que deu a volta á expresión acadou a denominación actual. A realidade é que non se trata dunha balea, xa que é un odontoceto, senón dun individuo máis do grupo dos delfinidos e tampouco ten un comportamento tan destrutivo como o descrito.

Certamente estamos ante un gran depredador que se alimenta cunha dieta moi variada, aínda que non se coñece ningún caso de humanos

mortos por unha candorca.

É o máis grande dos golfinos. Inconfundible polo seu tamaño e fundamentalmente pola súa cor, presenta a zona ventral e o queixelo dun branco intenso, así como unha mancha que dende a zona xenital sube polos flancos. A cara inferior da aleta caudal é

tamén branca; negra polo dorso, destacando trala aleta dorsal unha mancha gris, "a sela de montar". Detrás de cada ollo aparece unha mancha branca e de forma elíptica.

A aleta pectoral é moi grande, enorme, e con forma de triángulo isósceles nos machos, nos que pode chegar ata 1,8 metros de altura, o que explica o susto que experimenta quen, a flote sobre a auga, ve achegarse unha aleta de tales dimensións.

As aletas pectorais son tamén grandes, con forma de pá. Seguen crescendo



durante a vida do animal, podendo chegar a medir ata un quinto da lonxitude do corpo nos exemplares vellos.

A esperanza de vida pode chegar ata os 50 anos no caso das femias e uns 30 anos nos machos. Non posúe pico diferenciado e ten dentes en ambas mandíbulas, entre 20 e 26, grandes e puntiagudos. Os machos son claramente máis grandes que as femias.

Teñen un sopro ruidoso. Saen á superficie para inspeccionar ó seu redor, saltando e golpeando coa cola. Aproxímase con facilidade aos barcos amosando gran curiosidade. Cando sae a respirar saca case todo o corpo da auga.

Está distribuído por tódolos océanos aínda que de maneira irregular. Máis abundante en augas frías que nas tropicais e subtropicais, prefere zonas con boa profundidade.



A poboación mundial está dividida en grupos; por unha banda, moi especializados en explotar os recursos dunha zona e, por outra, trátase de mandas familiares, moi unidas, que en inglés se coñecen por "pods" e que soen permanecer xuntas toda a vida. Varios destes grupos únense para forman mandas de ata 200 animais. Os

grupos de familias moi relacionados teñen os seus propios dialectos. As agresións son moi pouco frecuentes dentro dun mesmo grupo.

Os grupos familiares residentes, cun número de individuos entre 7 a 50, soen alimentarse de peixes, mentres que os transeúntes aparecen con menor número de animais, de 1 a 7, e aliméntanse fundamentalmente de mamíferos, cazando activamente. Os dous grupos soen mesturarse. Algúns científicos falan incluso de diferentes subespecies segundo as diferenzas en morfoloxía, ecoloxía e comportamento.

As femias reproducense dende os oito anos ata os corenta. A xestación dura uns 18 meses e o aleitado pode durar dous anos ata que deixan totalmente de mamar. O intervalo entre nacementos é de cinco anos. Os machos alcanzan a madurez sexual cando miden cinco metros de lonxitude o que ocorre cando teñen uns 16 anos.

Non teñen, que se coñeza, inimigos naturais. O home é o seu único inimigo. Foron cazados para explotar a súa carne ata 1970 por Noruega. E non foi ata 1980 cando se deixou de capturar vivo para espectáculos en cativeiro. Lamentablemente séguense cazando na actualidade en Xapón, Indonesia, Groenlandia e Antillas.



MUSEO DA NATUREZA

Luns a venres. De 9.30 a 13.30 e de 16.30 a 20.30 h.

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL. DELEGACIÓN DE FERROL
Rúa Méndez Núñez, 11, 15401 FERROL
Tlfno./Fax: 981-35 28 20
Teléfono: 616-388 935
sghnferrol@teleline.es • www.sghn.org

Orcinus orca

Nome en castelán: Orca común

Nome en inglés: Killer whale

Tamaño adulto: 5,5-9,8 metros

Tamaño ao nacer: 2,1-2,5 metros

Peso adulto: 2,6-9 toneladas

Peso ao nacer: 180 quilos

Dieta: peixes e cefalópodos fundamentalmente (Poboacións doutras latitudes consumen ademais aves, mamíferos e tartarugas).

Ameazas: Industria baleeira e des-

trución do hábitat.

Proteccións: Protexido pola UICN coa categoría de "Case ameazado". Incluído na "Lista Vermella dos Vertebrados Españois" e no "Catálogo Nacional de Especies Ameazadas" como "de interese especial". Incluído tamén na "Directiva Hábitat", no "Convenio de Berna" e no "Convenio de Bonn". Protexido polo CITES no seu apéndice II.

